

**Orde do 15 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do Premio Elías Valiña para distinguir o labor revitalizador dos valores propios dos Camiños de Santiago, e se convoca a súa XXII edición para o ano 2021.(código de procedemento CT141A)**

Elías Valiña Sampedro, cura párroco da Igrexa Católica no Cebreiro, foi un estudoso do Camiño de Santiago. Sinalizou coas frechas amarelas o traxecto desde Francia. En Galicia recuperou tramos perdidos da ruta e promoveu a creación do *Boletín del Camino de Santiago*.

No transcurso do “*Encuentro Jacobeo*” dos párrocos do Camiño, que tivo lugar en Santiago de Compostela entre os días 20 e 24 de maio de 1985, xa resultaba “evidente para todos” que Elías Valiña era a persoa que debía estar á fronte do movemento xacobeo para o coordinar. Foi elixido por unanimidade.

O cura do Cebreiro escribiu, entre outras publicacións, *El Camino de Santiago: estudo histórico-jurídico* (1971) e *El Camino de Santiago. Guía del peregrino* (1985).

É a causa de gratitude e de recoñecemento do seu labor de renacer deste gran camiño medieval que a Xunta de Galicia creou este premio para distinguir dentro das asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, cun labor de protección, revitalización ou fomento do coñecemento e dos valores propios do Camiño de Santiago, tanto dentro como fóra de Galicia, a aquela entidade que un xurado considere que é máis merecente nesta edición de obter o premio Elías Valiña.

Logo do discorrer destes xa máis de trinta e cinco anos de efervescencia e intensificación da peregrinación a Compostela de persoas camiñantes de todo o Orbe, e polos motivos máis variados para empezar a camiñar, a humanidade atópase desde hai máis dun ano nun dos momentos da historia que marcan unha época, tal vez unha nova era.

Despois da pandemia mundial provocada pola Covid-19, neste ano Xacobeo 2021, que terá continuidade no 2022, agárdase unha paseniña volta á normalidade grazas ao esforzo colectivo de todas e de todos para afrontar o virus que tantas perdas e sufrimento leva inflixido ao ser humano en todos os confíns do Planeta.

Sen dúbida haberá unha recuperación moi importante de movemento de peregrinación logo de que superemos estes tempos de incerteza e de conciencia da nosa fragilidade na procura de liberdade de movementos e de busca persoal.

Noutra orde de consideracións, o Camiño irradia a cultura galega cara o mundo, fai ás galegas e aos galegos protagonistas das historias que a peregrina ou o peregrino leva aos máis diversos e afastados lugares. Pero tamén é unha corrente de ideas cara Galicia e as súas xentes, que achega manifestacións culturais que portan as persoas que se dirixen a este *finisterrae*, logo dun resiliente esforzo.

A comunidade internacional contempla así os Camiños de Santiago, especialmente o chamado Camiño Francés, recoñecido como primeiro itinerario cultural europeo e incluído na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO xunto coas rutas Camiño do Norte (Costa e Interior), consciente de como asentaron os fundamentos do progreso e dos vencellos afectivos e emocionais entre os

pobos, alén dos vínculos xurídico-políticos, promovendo o xermolo da idea de unidade de Europa. Este espírito anovador conxugou o relixioso, o espiritual, o etnográfico, o antropolóxico e o económico como alicerces dun patrimonio cultural sobranceiro que cómpre protexer e potenciar.

O artigo 73 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, na súa primeira alínea, di que "Os Camiños de Santiago están formados polo conxunto de rutas recoñecidas documentalmente das que pode testemuñarse o seu uso como rutas de peregrinación de longo percorrido e que estruturan, conforman e caracterizan o territorio que atravesan. E no segundo parágrafo expresa "Que as rutas principais dos Camiños de Santiago son: o Camiño Francés; o Camiño do Norte, ruta da costa e ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Ovedo; o Camiño Inglés; o Camiño de Fisterra e Muxía; o Camiño Portugués, interior e da costa; a Vía da Prata ou Camiño Mozárabe; e o Camiño de Inverno."

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía para Galicia, que establece no seu artigo 27.18º como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o patrimonio histórico, artístico, arqueolóxico, de interese de Galicia e no artigo 32 que corresponde á nosa Comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do Pobo Galego.

Correspóndelle a esta Consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a protección e valorización dos Camiños de Santiago e fomentar a revitalización destes sen menoscabo do seu coidado e promover e difundir os seus valores intrínsecos impulsando actividades por medio das que se divulgue e facilite a comprensión da enorme potencialidade cultural dos camiños de Santiago.

No exercicio destas funcións, a consellería con competencia en materia de cultura convoca o presente Premio Elías Valiña para distinguir o labor revitalizador dos valores propios dos Camiños de Santiago co fin de estimular o esforzo de colectivos e persoas que, como Elías Valiña Sampedro, insuflan de azos, enerxías e entusiasmo ao Camiño de Santiago.

Para o presente exercicio, desenvólvese, como nas edicións inmediatamente anteriores, o que se entende por labor revitalizador, especificando e engadindo conceptos inherentes a estes, como a protección na súa dobre vertente de conservación material e recuperación, o fomento do coñecemento e a potenciación dos valores sociais, espirituais e solidarios propios dos camiños. Isto contribuirá tamén a unha maior precisión na procura de obxectividade para o outorgamento do premio.

Procúrase que a documentación se ordene e sistematice conforme aos criterios de valoración determinados nas bases, e se admite un recoñecemento a quen sobresaia especialmente nalgún deles.

Determinábase, así mesmo, a posibilidade de compartir o premio entre varias solicitudes, así como as consecuencias do devandito resultado.

Así mesmo, propónse de novo a posibilidade de recoñecemento, por medio dunha mención especial, a unha persoa física pola súa sensibilidade, o seu compromiso e a súa dedicación nun exame da traxectoria vital en prol do fomento dos valores culturais dos Camiños de Santiago.

En consecuencia, do anteriormente exposto, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

DISPOÑO:

Aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión do Premio Elías Valiña na súa XXII edición.

Artigo 1º. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Convócase o Premio Elías Valiña para o ano 2021 e establécense as bases reguladoras polas que se rexerá a súa concesión (código de procedemento CT141A).

Artigo 2º. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria e o establecemento das bases reguladoras da concesión do Premio Elías Valiña, para distinguir o labor revitalizador dos valores propios dos Camiños de Santiago como un recoñecemento institucional e social ao esforzo protector e de fomento do coñecemento e dos valores propios dos Camiños de Santiago, por parte das asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro que inclúan estes fins no seu obxecto social.

Inclúese, así mesmo, a posibilidade de que o xurado propoña unha mención especial, sen dotación económica, a unha persoa física que, pola súa sensibilidade e interese, teña contribuído coa súa traxectoria vital ao fomento dos valores culturais dos Camiños de Santiago. Esta mención só poderá outorgarse de xeito individual.

2. O Premio poderá outorgarse de xeito individual ou compartido, ou declararse deserto.

3. A asociación ou entidade premiada recibirá un diploma e o importe do premio que lle será aboado mediante transferencia bancaria. No caso de que o premio sexa compartido, o será a partes iguais entre as persoas galardoadas.

Artigo 3º. *Financiamento e réxime xurídico.*

1. A convocatoria realízase, con cargo á aplicación orzamentaria 10.41.433A.781.0 que figura dotada no orzamento de gastos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade dentro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2021, por un importe máximo de 10.000 € (dez mil euros).

2. A concesión do premio queda sometida á condición da existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

3. O procedemento para a concesión do premio recollido nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia competitiva sinalado, as candidaturas serán examinadas por un xurado, que terá carácter de comisión avaliadora e que se axustará á regulación establecida no título preliminar, capítulo II, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións normativas:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- c) Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- d) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- e) Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

E supletoriamente:

- a) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma, e consecuentemente, a esta orde de convocatoria.
- b) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. O premio regulado ao abeiro desta orde é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entidades públicas ou privadas, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 4º. *Persoas beneficiarias.*

1. Poderán participar as asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, cunha traxectoria que acredite o seu labor na protección, revitalización, fomento do coñecemento e dos valores propios do Camiño de Santiago, e que desenvolvan a súa actividade tanto dentro como fóra de Galicia.
2. Estas entidades deberán ter acreditada unha traxectoria de cando menos cinco anos de funcionamento efectivo na consecución dos obxectivos establecidos na convocatoria.
3. Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas nas que se dean algunhas das circunstancias previstas no artigo 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin as que foran premiadas nas cinco convocatorias anteriores co Premio Elías Valiña.

Artigo 5º. *Órganos competentes.*

1. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión deste premio e da mención especial referida nesta orde. A devandita instrución rematará coa proposta de resolución que se elevará á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade .
2. A persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade é a competente para ditar a resolución da súa concesión, con indicación do nome da entidade premiada ou premiadas e a

confía que lles corresponde.

#### Artigo 6º. *Solicitudes*

1.As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (Anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Excepcionalmente, no caso de entidades estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, poderán presentar as solicitudes presencialmente, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, tendo en conta que as entidades destinatarias deste premio, poden estar situadas en múltiples países con niveis de desenvolvemento tecnolóxico dispares, constituídas de acordo coa lexislación aplicable en cada un deles e con características legais, técnicas e funcionais distintas, non asimilables á situación tecnolóxica existente en Galicia, que imposibilitan ou impiden a presentación electrónica de solicitudes. O medio de presentación elixido manterase para calquera tipo de relación coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade ata que remate o procedemento.

2.O defecto na solicitude seralles notificado ás persoas interesadas e daráselles un prazo de dez días para que emenden os erros ou omisións. No requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se darán por desistidas da súa solicitude, logo da resolución que deberá ditarse consonte o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

#### Artigo 7º. *Prazo de presentación das solicitudes.*

O prazo de presentación de candidaturas será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberese día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. A solicitude irá dirixida á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

#### Artigo 8º. Documentación complementaria.

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Anexo I cuberto.
- b) Acreditación da representación da persoa que asine a solicitude en nome da entidade.
- c) Copia dos estatutos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro que corresponda.
- d) Memoria xustificativa do labor realizado neste campo en que se detallarán as actividades ordenadas e sistematizadas conforme aos criterios establecidos no artigo 12 destas bases e polo período de cinco anos, co grao de concreción axeitado para facilitar a valoración. A memoria incluírá, coma anexo, unha táboa-resumo da memoria xustificativa na que se enumeren, baixo os seus correspondentes catro epígrafes: as intervencións encamiñadas á protección do patrimonio (autorizadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural no caso de ser necesario); os traballos de investigación, documentación e fomento do coñecemento do camiño e o fenómeno xacobeo entre a comunidade especializada e científica; as accións de sensibilización e fomento do asociacionismo con fins relacionados co fenómeno xacobeo; e as accións encamiñadas a potenciar valores propios do Camiño na súa dimensión espiritual, solidaria e social; indicando datas, ámbitos territoriais, autoría e, se é o caso, persoas destinatarias e a súa cuantificación.
- e) Certificados, informes ou calquera outro documento suscrito por un organismo oficial que avale a candidatura, pola súa importancia e relevancia no ámbito cultural ou tres entidades inscritas no Rexistro de Entidades do Camiño de Santiago de Compostela que acrediten o desenvolvemento do labor de protección, revitalización e promoción das rutas xacobeas.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderá requirirse á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición

do documento ou da información orixinal.

Excepcionalmente, no caso de entidades estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, poderán presentar a documentación presencialmente, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9º. *Comprobación de datos.*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF (número de identificación fiscal) da entidade solicitante.
- DNI ou NIE (número de identidade de estranxeira) da persoa representante.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias á Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente nos pagamentos á Consellería de Facenda.
- Certificado de estar ao corrente nos pagamentos á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 10º. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude.*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa

interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Excepcionalmente, no caso de entidades estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, poderán presentara documentación presencialmente, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria achegaranse á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido nestas bases.

Artigo 11º. *Comisión de valoración.*

1. Composición.

Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria, achegaranse a un xurado encargado da súa valoración, que terá a consideración de comisión de valoración, e que estará presidido pola persoa titular da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e estará integrado polos seguintes membros:

- a) A persoa titular da subdirección competente en materia de protección do patrimonio cultural, que exercerá a vicepresidencia.
- b) A persoa que presida o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago (regulado no capítulo I do Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia do Camiño de Santiago) ou a persoa na que delegue.
- c) Dúas persoas especialistas de recoñecido prestixio en materia xacobeá nomeadas pola persoa titular da consellería competente en materia de cultura.
- d) A persoa que represente á institución, asociación cultural, fundación ou persoa gañadora na última convocatoria, ou persoa na que delegue.
- e) As persoas que presidan as entidades inscritas no Rexistro de Entidades do Camiño de Santiago de Compostela cos números 162,163,164 e 165, que serán substituídas o vindeiro ano polas catro seguintes e así sucesivamente ata que roten todas, ou persoas nas que deleguen.
- f) Actuará como secretaria/o, con voz e sen voto, a persoa titular do servizo competente en materia de protección dos Camiños de Santiago da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

No caso de que na mesma entidade concorresen a condición de último gañador do Premio Elías Valiña e da entidade inscrita no Rexistro de Entidades do Camiño de Santiago, segundo a relación prevista nesta orde cos números 162,163,164 e 165, a entidade formará parte do xurado en calidade de gañadora da última edición, co que entraría a formar parte deste a seguinte entidade rexistrada na orde que proceda segundo a numeración correlativa subseguinte.

A mesma solución será de aplicación no caso de que non se acade un mínimo de sete persoas por motivos de imposibilidade ou renuncia a participar como xurado a entidade gañadora da



última edición ou dalgunha ou algunhas das entidades que correspondan, segundo a prelación prevista neste artigo.

## 2. Funcións.

As propostas do xurado especificarán a avaliación que lles corresponde en aplicación dos criterios previstos no artigo seguinte.

### Artigo 12º. *Criterios de valoración*

1. O xurado valorará as candidaturas, até un máximo de 100 puntos, segundo a documentación acreditativa que se presentara, de acordo coas seguintes epígrafes:

a) Intervencións encamiñadas á protección do patrimonio (até un máximo de 25 puntos):

- Número de intervencións na recuperación, a conservación, a sinalización, o acondicionamento e a valorización de tramos do Camiño de Santiago ou de elementos asociados, así como no seu contorno. Segundo a seguinte tipificación:

Cada intervención de recuperación da traza en terreos de propiedade privada e a súa doazón ao patrimonio público da administración correspondente: nos Camiños declarados bens de interese cultural, 6 puntos, e no resto dos camiños a Compostela, 3 puntos.

Cada intervención de conservación nos camiños declarados bens de interese cultural, 2 puntos. No resto dos camiños a Compostela, 1 punto.

Cada intervención de acondicionamento e de valorización de tramos, ou de elementos asociados así como no seu contorno: nos Camiños declarados bens de interese cultural, 4 puntos; no resto dos camiños a Compostela, 2 puntos.

b) Traballos de investigación, de documentación e de fomento do coñecemento do Camiño e do fenómeno xacobeo para difundilo entre a cidadanía: até un máximo de 25 puntos.

- Número de traballos (xornadas, seminarios e outros eventos análogos, edicións de folletos e revistas, artigos, publicacións e/ou material audiovisual): de ámbito galego ou estatal, 1 punto cada traballo; de ámbito europeo, 2 puntos cada traballo, e de ámbito mundial, 3 puntos cada traballo.

- Participación en programas en medios de comunicación social: de ámbito galego ou estatal, 1 punto cada participación; de ámbito europeo, 2 puntos cada participación, e de ámbito mundial, 3 puntos cada participación.

- A súa repercusión pública: a súa difusión no ámbito galego ou estatal, 1 punto; o seu alcance no ámbito europeo, 2 puntos, e o espallamento no ámbito mundial, 3 puntos.

c) Accións de sensibilización e fomento do asociacionismo con fins relacionados co fenómeno xacobeo e organizacións de peregrinacións e outras actividades para membros e persoas simpatizantes, ata un máximo de 25 puntos.

- Número de accións e a súa repercusión: de ámbito galego ou estatal, 1 punto cada traballo; de ámbito europeo, 2 puntos cada traballo, e de ámbito mundial, 3 puntos cada traballo.

- Número de novos membros ou de participantes nas accións de sensibilización a asociacionismo, segundo a seguinte ponderación:

Por cada cinco novos membros que causen alta nas entidades xacobeas de ámbito galego ou estatal, 1 punto.

Por cada dous novos membros que sexan dado de alta na entidade xacobeas de ámbito europeo: 2 puntos.

Por cada novo membro que sexa dado de alta na entidade xacobeas de ámbito mundial: 3 puntos.

d) Accións encamiñadas a potenciar valores propios do Camiño na súa dimensión espiritual, solidaria e social, ata 25 puntos, segundo a seguinte descrición:

Número de accións relacionadas coa peregrinación a Compostela na súa vertente organizativa, e a súa incidencia. Así:

- En canto a labores de acollida e hospitalidade nos albergues en funcións de hospitaleira ou hospitaleiro: Por cada albergue atendido pola entidade xacobeas no territorio galego ou no estatal, 1 punto; no continente europeo, 2 puntos; no resto do mundo: 3 puntos.

- Por accións educativas, de especial significación, complexidade e singularidade, desenvolvidas pola entidade xacobeas durante a peregrinación, para a promoción da integración de grupos con diversidade funcional e de contribución á reintegración na sociedade de grupos de persoas que estean ou estiveran cumprindo condena, de persoas vítimas de adicións de distinta tipoloxía, ou de violencia exercida sobre elas, e realización de tarefas asistenciais en xeral. Valorarase con 2 puntos cada acción.

A ponderación individual de cada un dos criterios será realizada polos membros da comisión de valoración no seu conxunto, que adoptará unha decisión ponderada e xustificada en relación cos devanditos criterios e de xeito comparativo entre todas as candidaturas.

### Artigo 13º. *Resolución e notificación á entidade gañadora.*

1. Á vista da deliberación do xurado, contida no ditame en que se concrete a súa avaliación para o outorgamento do premio, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural elevarao, xunto coa proposta de resolución, á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. A persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, á vista da proposta, ditará a resolución que proceda debidamente motivada, no prazo de quince días, e será obxecto de notificación á entidade gañadora, e tamén á súa publicación no Diario Oficial de Galicia e, así mesmo, na páxina web da consellería.

3. O órgano xestor deberá observar que no momento de ditar resolución se cumpren as formalidades previstas no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. O último día para ditar a resolución expresa será dun mes, contado desde a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes. En calquera caso, transcorridos dez días hábiles desde a notificación da concesión deste premio sen que a persoa interesada comunicase expresamente a súa renuncia a este, entenderase que o acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiaria.

5. O vencemento do citado prazo, sen que se notifique a resolución expresa, lexítima á persoa interesada para entender desestimada a súa candidatura por silencio administrativo.

6. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos ou no caso de entidades estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14º. *Inclusión no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios*

1. O premio outorgado ao abeiro desta orde figurará no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente na inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.
3. A documentación da candidatura premiada ao abeiro desta convocatoria quedará en poder, para o seu adecuado arquivo, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e reservarse esta o dereito de divulgación gratuíta da dita documentación por calquera medio de reprodución con destino a actividades divulgativas.
4. A documentación das candidaturas non premiadas seralles devolta ás persoas interesadas no caso de que estas o soliciten expresamente.

#### Artigo 15º. *Réxime de recursos.*

Contra a resolución ditada ao abeiro desta orde, que porá fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 16º. *Anulación e reintegro.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial das subvencións e axudas públicas percibidas, cando conorra calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que as persoas beneficiarias incumpran algunha das obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade instruirá, se é o caso, un expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da dita lei.

#### Artigo 17º. *Control.*

As persoas solicitantes e as premiadas quedan sometidas ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no título III da Lei 9/2007, ou polo Consello de Contas ou polo Tribunal de Contas, segundo a súa normativa.

Ademais, deberán facilitarlle á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural toda a información e documentación complementaria que esta considere precisa para a concesión ou aboamento do importe do premio.

Artigo 18º. *Información ás persoas interesadas.*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da consellería <https://www.cultura.gal/>, na súa epígrafe Servizos, na alínea de Axudas, subvencións e bolsas.
- b) Os teléfonos 981544862 e 981544817.
- c) Presencialmente, nas dependencias do Servizo de Protección e Fomento, na Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Artigo 19º. *Transparencia e bo goberno.*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional.

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para ditar as resolucións precisas para o desenvolvemento da orde.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Román Rodríguez González